

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

LINGUA GALEGA E LITERATURA

4º ESO

CPI de Xanceda

Curso 2019-2020

ÍNDICE

1.	Introdución e contexto	3
2.	Contribución da materia ao desenvolvemento das competencias clave	3
3.	Obxectivos xerais da etapa secundaria	4
3.1.	Obxectivos da área de lingua galega e literatura (1º ESO)	6
4.	Estrutura e organización da materia	7
5.	Concreción para cada estándar de aprendizaxe avaliabile de: obxectivos, contidos, criterios de avaliación, temporalización grao mínimo de consecución para superar a materia, procedementos de avaliación e competencias clave	10
6.	Concrecións metodolóxicas que require a materia	21
7.	Materiais e recursos didácticos.....	22
8.	Criterios sobre avaliación, cualificación e promoción do alumnado	22
9.	Indicadores de logro para avaliar o proceso de ensinanza a da práctica docente	24
10.	Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación da materia pendente.	25
11.	Deseño da avaliación inicial e de medidas individuais ou colectivas que se poidan adoptar como consecuencia dos resultados	25
12.	Medidas de atención á diversidade	25
13.	Concreción dos elementos transversais que se traballarán no curso	26
14.	Actividade complementarias e extraescolares	27
15.	Contribución da materia ao plan lector	28
16.	Contribución da materia ao plan TIC	28
17.	Mecanismos de revisión, de avaliación e de modificación da programación didáctica en relación cos resultados académicos e procesos de mellora	28
18.	Datos do departamento	30

1. INTRODUCCIÓN E CONTEXTO.

O CPI de Xanceda está situado na localidade do mesmo nome, no concello de Mesía. Nel impártense as ensinanzas de Educación Infantil, Educación Primaria e Educación Secundaria Obrigatoria. Ao CPI de Xanceda están adscritas dúas Escolas Unitarias: Olas e Visantón, das que o alumnado se incorpora ao centro en 3º de Primaria.

A maioría da poboación da zona está vinculada a actividades agrícolas e gandeiras. A lingua de relación entre a comunidade da zona é o galego, falado no centro por practicamente o 100% do alumnado.

Trátase dun centro cunha matrícula de 166 alumnos/as onde se imparten ensinanzas de Educación Infantil, Educación Primaria e Educación Secundaria Obrigatoria, cunha única liña por cada nivel académico.

Na etapa secundaria o alumnado distribúese do seguinte xeito:

1º ESO : 1 grupo de 16 alumnos/as

2º ESO : 1 grupo de 20 alumnos/as

3º ESO : 1 grupo de 11 alumnos/as

3º ESO – PMAR: 1 grupo de 7 alumnos/as

4º ESO : 1 grupo de 15 alumnos/as

No grupo de 4º ESO dous alumnos repiten este curso, un deles por segunda vez.

Como se pode ver, o número de alumnos/as por aula non é elevado, o que permite un traballo educativo máis individualizado.

2. CONTRIBUCIÓN DA MATERIA AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE.

As materias de lingua contribúen, sen dúbida, á competencia en comunicación lingüística, pois ofrecen máis oportunidades para interactuar en situacións comunicativas e para reflexionar sobre a linguaxe en xeral a través da comparación entre as distintas linguas que se están a aprender.

Contribúe de xeito directo á competencia aprender a aprender, xa que será a través dela que o alumnado accederá a distintos tipos de información, textos e contidos que lle faciliten a aprendizaxe.

A aprendizaxe dunha lingua comprende non só os aspectos lingüísticos, senón tamén as compoñentes socioculturais que subxacen no uso desa lingua. Por outra banda, a lingua é vehículo de transmisión cultural, o seu coñecemento favorece o respecto e tolerancia por

outras culturas, aceptando a diversidade de valores e superando prexuízos e favorecendo actitudes socialmente positivas. É neste sentido que a materia contribúe tamén ao desenvolvemento da competencia social e cidadá.

A contribución ao desenvolvemento da competencia no tratamento da información e a competencia dixital vén dada polo manexo dos recursos TIC para a creación de distintos contextos comunicativos: chats, foros, blogs, correo electrónico..., uso das distintas ferramentas dixitais para manexar a información: CD, DVD, MP3, MP4, internet, presentacións Power Point... e o uso de recursos específicos de aprendizaxe da lingua: programas de software, páxinas web, dicionarios en liña, tradutores, correctores...

A aprendizaxe dunha lingua ofrece igualmente oportunidades para o achegamento ás súas principais manifestacións artísticas e culturais; é así que se contribúe aos desenvolvemento da competencia artística e cultural.

A aprendizaxe dunha lingua supón a superación de dificultades e xera autoconfianza e autoestima, convértese nunha ferramenta fundamental á hora de desenvolver aspectos relacionados coa autonomía propia e favorece o desenvolvemento da competencia de autonomía e iniciativa persoal.

3. OBXECTIVOS XERAIS DA ETAPA SECUNDARIA.

A Educación Secundaria Obrigatoria contribuirá a desenvolver nos alumnos e as alumnas as capacidades que lles permitan:

- a) Asumir responsablemente os seus deberes; coñecer e exercer os seus dereitos no respecto aos demais; practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e grupos; exercitarse no diálogo afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.
- b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.

- d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións cos demais, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo, os comportamentos sexistas e resolver pacificamente os conflitos.
- e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información para, con sentido crítico, adquirir novos coñecementos. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.
- f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en distintas disciplinas, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas nos diversos campos do coñecemento e da experiencia.
- g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.
- h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.
- i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.
- l) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural, coñecer mulleres e homes que realizaron achegas importantes á cultura e sociedade galega ou a outras culturas do mundo.
- m) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o dos outros, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e mellora.
- n) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das distintas manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.
- ñ) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e mellora e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara o exercicio deste dereito.

o) Coñecer e valorar a importancia do uso do noso idioma como elemento fundamental para o mantemento da nosa identidade e como medio de relación interpersoal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que nos comunica con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófono.

3.1. OBXECTIVOS DA ÁREA DE LINGUA GALEGA E LITERATURA (4º ESO)

1. Comprender e interpretar textos propios da comunicación audiovisual, con especial atención aos de carácter argumentativo e publicitario.
2. Comprender e interpretar textos orais de distinta natureza, con especial atención aos de carácter expositivo e argumentativo do ámbito educativo.
3. escoitar e producir textos orais cunha actitude crítica cara aos prexuízos e aplicando os coñecementos gramaticais para unha mellor expresión.
4. Producir textos orais adecuados á situación e á intención comunicativa, utilizando as estratexias necesarias para falar en público, así como as TIC.
5. Participar activamente en debates propostos sobre temas de interese e valorar a lingua oral como instrumento de relación social.
6. Utilizar técnicas e estratexias que facilitan a lectura comprensiva e crítica de textos.
7. Comprender e interpretar textos propios da vida cotiá, relacionados co ámbito laboral, administrativo, comercial e educativo.
8. Comprender, interpretar e redactar (en papel ou en formato dixital) textos argumentativos, xornalísticos e publicitarios.
9. Ler de maneira reflexiva e crítica para identificar usos lingüísticos discriminatorios.
10. Usar os recursos que ofrecen as bibliotecas e as TIC para obter información complementaria.
11. Utilizar técnicas e estratexias para producir textos escritos adecuados, coherentes e cohesionados, e valorar a escritura como fonte de enriquecemento persoal.
12. Utilizar as TIC para mellorar a presentación dos escritos, difundir textos propios, coñecer outros alleos e intercambiar opinións.
13. Producir textos propios, en soporte impreso ou dixital, tanto da vida cotiá como de carácter xornalístico (cartas ao director ou columnas de opinión).
14. Utilizar un léxico amplo e adecuado, e identificar as relacións semánticas entre as palabras.
15. Recoñecer e utilizar correctamente as formas verbais e as perífrases verbais.
16. Recoñecer e usar a fonética do galego.

17. Aplicar correctamente as normas ortográficas e morfolóxicas do galego, e utilizar manuais de consulta de maneira eficaz.
18. Identificar a oración como un tipo de enunciado e analizar as relacións sintácticas entre os elementos que constitúen o predicado.
19. Recoñecer en textos propios e alleos a estrutura dun texto, así como a súa adecuación e os conectores que permiten cohesionar ideas e parágrafos.
20. Identificar os trazos que definen diferentes tipoloxías textuais, especialmente os textos argumentativos.
21. Desenvolver unha competencia lingüística integrada, utilizando os coñecementos dunha lingua para mellorar no uso doutras e participando en proxectos onde se usen distintas linguas.
22. Valorar as linguas como sinal de identidade dos pobos, apreciar o plurilingüismo e coñecer o ámbito da lusofonía.
23. Describir e analizar a situación sociolingüística de Galicia, coñecer o proceso de normalización e evitar os prexuízos.
24. Coñecer os acontecementos relevantes da historia social da lingua galega desde 1916 ata a actualidade.
25. Describir a situación sociolingüística e legal das linguas do Estado español.
26. Recoñecer e valorar as variedades da lingua, e identificar a estándar como variante unificadora.
27. Identificar os distintos períodos e xeracións da literatura galega desde 1916 ata a actualidade. Introducción á programación.
28. Ler de maneira comprensiva, expresiva ou dramatizada textos de distintos xéneros da literatura galega desde 1916 ata a actualidade.
29. Elaborar traballos individuais ou en grupo, coa axuda das TIC, relacionados coa literatura galega desde 1916 ata a actualidade.
30. (Re)crear textos con intención literaria a partir dos modelos traballados na clase.

4. ESTRUCTURA E ORGANIZACIÓN DA MATERIA.

A materia de Lingua Galega e Literatura preséntase, en todos os cursos das etapas de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato, estruturada en cinco bloques, o que non debe implicar que a actividade docente se corresponda con esta ordenación senón que, pola contra, se deben producir múltiples conexións entre todos eles.

O bloque 1, "Comunicación oral. escoitar e falar" atende ao uso oral da lingua, e este é obxecto de observación e de análise para recoñecer as normas que rexen o intercambio comunicativo, para observar as estratexias que usan os/as falantes para se comunicar satisfactoriamente, así como as que empregan para comprender ou para producir mensaxes orais. Non obstante, este bloque incide, sobre todo, na necesidade de que o alumnado galego teña modelos de fala adecuados e poida pór en práctica a súa lingua dentro da aula en contextos formais e informais. A realidade sociolingüística de cada centro docente determinará a atención que o profesorado deberá dedicar na aula a este bloque, para que o alumnado poida cumprir adecuadamente cos estándares de aprendizaxe descritos.

O bloque 2, "Comunicación escrita. Ler e escribir" ocúpase da comprensión e a produción escrita. O alumnado debe ser quen de entender textos de diferente complexidade e xénero, e extraer as ideas explícitas e implícitas no texto co fin de elaborar o seu propio pensamento crítico e creativo. Comprender un texto implica pór en marcha unha serie de estratexias de lectura que deben practicarse na aula e proxectarse a todas as esferas da vida e a calquera tipo de lectura: ler para obter información, para aprender a propia lingua e por pracer. Igualmente, a produción escrita significará procurar para cada situación o tipo de texto, adecuando, planificando e redactando, atendendo a aspectos diversos, e revisando a escrita final.

O bloque 3, "Funcionamento da lingua" integra contidos relacionados co código e a súa organización, e responde á necesidade de reflexión sobre a propia lingua, coa finalidade de servir de base para o seu uso correcto, afastándose da pretensión de utilizar os coñecementos lingüísticos como fin en si mesmo.

O bloque 4, "Lingua e sociedade" céntrase na necesidade de que o alumnado coñeza, explique e valore o plurilingüismo como unha situación habitual e enriquecedora para todos os individuos. Do mesmo xeito, incídese na identificación e superación dos prexuízos e na pertinencia de que o alumnado recoñeza e empregue termos sociolingüísticos precisos.

O bloque 5, "Educación literaria" asume o obxectivo de facer dos alumnos e as alumnas lectores e lectoras competentes, con implicación nun proceso de formación de lectura que continúe ao longo de toda a vida. Ademais, o alumnado achegarse á historia da literatura galega, así como ás súas obras e aos seus autores e as súas autoras máis salientables, e recoñecerá a vinculación destes produtos literarios coa historia de Galicia.

O tratamento de todos estes contidos ten que abordarse desde unha óptica competencial, valorando as relacións que cada un ten coas competencias clave, que aparecen especificadas, a partir dos estándares de aprendizaxe avaliados, neste currículo.

A avaliación terá que ser coherente coa diversidade de contidos traballados e, daquela, ter en conta os contidos abordados nos cinco bloques en que se estrutura este currículo. Do mesmo xeito, deberá ser unha avaliación competencial, que teña en conta a relación que se establece no currículo entre os estándares de aprendizaxe detallados en cada bloque, coas competencias clave.

Os contidos incluídos nestes cinco bloques, estruturaránse en 12 unidades, do xeito que segue:

1º TRIMESTRE: unidades 1, 2, 3 e 4.

2º TRIMESTRE: unidades 5, 6, 7, 8.

3º TRIMESTRE: unidades 9, 10, 11, 12

5. CONCRECIÓN PARA CADA ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE AVALIABLE DE OBXECTIVOS, CONTIDOS, TEMPORALIZACIÓN, GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN PARA SUPERAR A MATERIA, PRODECEMENTOS DE AVALIACIÓN E COMPETENCIAS CLAVE..

Obx	Cont.	Crit. de aval.	Estándares de aprendizaxe	Temporalización	Grao mínimo de consecución para superar a materia	Procedementos e instrumentos de avaliación.					Compet. clave
						Proba oral	Proba escrita	Traballo indiv.	Traballo grupo	Observación	
Bloque 1. Comunicación oral. escoitar e falar.											
deh	B1.1.	B1.1..	B1.1.1. Comprende o sentido global de textos orais dos medios de comunicación audiovisuais, identifica o propósito, a tese e os argumentos de noticias debates ou declaracións, determina o tema e recoñece a intención comunicativa do/da falante.	1º, 2º, 3º Trimestre	50%	X		X	X		CCL
			B1.1.2. Distingue as partes nas que se estruturan as mensaxes orais, o tema, así como a idea principal e as secundarias.	1º, 2º, 3º Trimestre	50%	X		X			CCL
			B1.1.3. Analiza criticamente tanto a forma como o contido de noticias, debates e procedentes dos medios de comunicación e recoñece a validez dos argumentos.	2º, 3º Trimestre	40%	X		X			CCL CAA
deh	B1.2.	B1.2	B1.2.1. Distingue entre opinión e persuasión en mensaxes publicitarias orais e identifica as estratexias de enfatización.	3º Trimestre Unid.12	50%	X		X			CCL CAA
			B1.2.2. Analiza os elementos verbais dos textos orais: no plano fónico (xogos fónicos), no plano morfosintáctico (condensación, concisión e economía) e no plano léxico-semántico (léxico connotativo, simbólico e atractivo para o receptor).	1º, 2º, 3º Trimestre	40%	X			X		CCL CSEIE
			B1.2.3. Analiza os elementos non verbais, en especial a imaxe (mensaxe icónica) e o son (diálogo, ruídos e música), en anuncios publicitarios ou outro tipo de comunicacións orais.	2º Trimestre	30%				X		CCL CCEC
deh	B1.3.	B1.3.	B1.3.1. Identifica a intención comunicativa, a tese e os argumentos dos debates, relatorios e mesas redondas do ámbito educativo e elabora un esquema ou resumo.	2º Trimestre Unid. 7	50%	X		X			CCL CAA
			B1.3.2. Recoñece os procedementos lingüísticos para manifestarse a favor ou en contra dunha opinión ou postura.	2º Trimestre Unid. 7	40%			X			CCL CSC

	B1.4.	B1.4..	B1.4.1. Identifica a intención comunicativa, a idea principal e as secundarias, de calquera texto oral, formal ou informal, producido na variante estándar ou en calquera das variedades dialectais.	1º, 2º, 3º Trimestre	40%			X			CCL
	B1.5.	B1.5	B1.5.1. Identifica os recursos que proporcionan adecuación, coherencia e cohesión ao discurso.	1º, 2º e 3º Trimestres.	60%			X	X		CCL
			B1.5.2. Coñece e aplica as normas que rexen a cortesía na comunicación oral e respecta as opinións alleas.	1º, 2º e 3º Trimestres.	80%	X			X	X	CCL CSC
			B1.5.3. Recoñece a importancia dos aspectos prosódicos (entoación, pausas, ton, timbre e volume), a linguaxe corporal adecuada (mirada e posición do corpo), así como o autocontrol das emocións ao falar en público.	1º, 2º e 3º Trimestres.	40%	X			X	X	CCL CSC CSIEE
h o	B1.6..	B1.6.	B1.6.1. Recoñece a emisión dunha pronuncia galega correcta, identifica os erros na produción oral allea e produce discursos orais que respectan as regras prosódicas e fonéticas da lingua galega.	1º Trimestre. Unid 1, 2	60%	X				X	CCL CAA
			B1.6.2. Recoñece e rexeita argumentadamente os prexuízos que se poidan asociar á pronuncia propia da lingua galega.	1º Trimestre. Unid 1, 2	70%					X	CAA CSC
			B1.6.3. Usa, se a posúe, a variante dialectal propia e asúmea como a variedade habitual do seu contexto.	1º Trimestre. Unid 2	90%					X	CCL CCEC
h o	B1.7.	B1.7.	B1.7.1. Produce textos orais, en intervencións espontáneas, adecuadas á situación e á intención comunicativa desexada, con coherencia, cohesión e corrección.	1º, 2º e 3º Trimestres	40%	X			X	X	CCL CSC
			B1.7.2. Participa con fluidez nas intervencións orais espontáneas respectando as regras morfosintácticas desta lingua, en especial a colocación do pronome átono, así como a fonética galega (pronuncia das sete vogais, n velar e fonema fricativo palatal xordo).	1º, 2º e 3º Trimestres	50%				X	X	CCL
			B1.7.3. Emprega nas intervencións orais espontáneas expresións propias do galego: infinitivo conxugado e fraseoloxía adecuada.	3º Trimestre. Unid 9	40%				X	X	CCL
			B1.7.4. Emprega nas intervencións orais espontáneas un léxico rico e variado.	1º, 2º e 3º Trimestres	40%				X	X	CCL
a c d h	B. 1.8	B1.8	B1.8.1. Reflexiona e ten unha postura crítica ante as mensaxes discriminatorias que proveñen dos medios de comunicación.	3º Trimestre. Unid 10	90%			X	X	X	CCL CAA
			B1.8.2. Rexeita argumentadamente os usos lingüísticos que levan implícitos prexuízos ou discriminacións.	2º Trimestre. Unid 8	40%			X	X	X	CCL CSC
a	B1.9.	B1.9.	B1.9.1. Planifica a produción oral, estrutura o contido, revisa os borradores e	1º, 2º e 3º	40%	X				X	CCL

b e g h o		esquemas.	1º, 2º e 3º Trimestres							CAA	
		B1.9.2. Presenta os contidos de forma clara e ordenada e con corrección gramatical	1º, 2º e 3º Trimestres	40%	X				X	CCL	
		B1.9.3. Utiliza o rexistro adecuado á situación comunicativa.	1º, 2º e 3º Trimestres	60%	X				X	CCL	
		B1.9.4. Emprega axeitadamente os elementos prosódicos e (entoación e pronuncia axeitada, pausas, ton, timbre e volume), a linguaxe corporal (mirada e posición do corpo) así como o autocontrol das emocións ao falar en público.	1º, 2º e 3º Trimestres	60%	X			X	X	CCL CSC CSIEE	
		B1.9.5. Emprega as TIC para documentarse bibliograficamente, revisar gramaticalmente o texto e elaborar unha presentación atractiva e innovadora.	1º, 2º e 3º Trimestres	100%			X	X	X	CD CAA CCL	
	B1.10.	B1.10	B1.10.1. Recoñece erros (incoherencias, repeticións, ambigüidades, pobreza léxica, erros fonética e entoación inadecuada) nos discursos propios e alleos para evitalos nas súas producións.	1º, 2º e 3º Trimestres	40%			X		X	CCL CAA
a c d h	B1.11.	B1.11	B1.11.1. Desenvolve argumentos de forma comprensible e convincente e comenta as contribucións das persoas interlocutoras.	2º Trimestre. Unid 6, 7	40%	X				X	CCL CAA CSC
			B1.11.2 Aplica as normas que rexen a cortesía na comunicación oral, respecta as quendas e as opinións alleas e emprega unha linguaxe non discriminatória.	2º Trimestre. Unid 6, 7	80%				X	X	CCL CSC
	B1.12	B1.12	B1.12.1. Desenvólvese con eficacia en situacións que xorden na vida diaria así como noutras de estudo ou traballo e participa en conversas informais.	1º, 2º e 3º Trimestres	40%					X	CCL CSC CSIEE CCEC
h o	B1.13.	B2.13	B2.13.1. Identifica e describe os valores da lingua oral como un instrumento útil na aprendizaxe, así como para relacionarse cos demais e enriquecerse como persoa.	1º, 2º e 3º Trimestres	90%					X	CCL CAA CSC
Bloque 2. Comunicación escrita. Ler e escribir.											
b f h	B2.1	B2.1	B2.1.1. Emprega pautas e estratexias que facilitan a análise do contido (resumos, cadros, esquemas e mapas conceptuais).	1º, 2º e 3º Trimestres	90%					X	CCL CAA
			B2.1.2. Aplica os coñecementos lingüísticos propios (gramaticais e léxicos) e recursos alleos (dicionarios e outras fontes de documentación) para solucionar problemas de comprensión.	1º, 2º e 3º Trimestres	100%					X	CCL
			B2.1.3. Elabora o esquema xerarquizado de ideas dun texto.	1º, 2º e 3º Trimestres	40%			X	X		CCL

			B2.1.4. Deduce información global do texto a partir de contidos explícitos e implícitos.	1º, 2º e 3º Trimestres	50%		X	X			CCL
			B2.1.5. Entende o significado de palabras propias do rexistro culto e incorpóraas ao seu discurso.	1º, 2º e 3º Trimestres	80%					X	CCL CAA
d e h	B2.2	B2.2	B2.2.1. Identifica a intención comunicativa, o tema e os subtemas de escritos propios da vida cotiá relacionados co ámbito laboral, administrativo e comercial.	1º, 2º e 3º Trimestres	40%		X	X			CCL
			B2.2.2. Comprende, interpreta e valora textos propios da vida cotiá pertencentes a distintos ámbitos: laboral (currículo, carta de presentación, ficha de contratación en empresas e redes sociais de procura de emprego, contrato, nómina e vida laboral), administrativo (carta administrativa e solicitude ou instancia) e comercial (carta comercial, carta de reclamación e impreso administrativo de reclamación).	1º, 2º e 3º Trimestres	40%		X	X			
d e h	B2.3	B2.3	B2.3.1. Comprende textos relacionados co ámbito educativo, tanto materiais de consulta (dicionarios, glosarios, enciclopedias, etc.), como libros de texto e recursos de temas especializados en internet.	2º Trimestre Unid 5	50%		X	X		X	CCL CD
			B2.3.2. Interpreta a información de mapas, gráficas, diagramas.	1º, 2º e 3º Trimestres	60%						X
d e h	B2.4	B2.4	B2.4.1. Identifica o tema e a intención comunicativa de textos argumentativos.	2º Trimestre Unid 5, 6	40%		X	X			CCL
			B2.4.4.2. Elabora a súa propia interpretación a partir dos argumentos expresados nun texto.	2º Trimestre Unid 5, 6	50%		X	X			
d e h	B2.5	B2.5	B2.5.1. Diferencia os trazos característicos dos textos xornalísticos de opinión: carta ao director, editorial, columna e artigo de opinión.	2º Trimestre Unid. 6	60%		X	X	X		CCL CSC
			B2.5.2. Valora a intención comunicativa dun texto xornalístico e distingue entre información, opinión e persuasión.	2º Trimestre Unid. 6	70%		X	X			
d e h	B2.6	B2.6	B2.6.1. Comprende e interpreta as mensaxes explícitas e implícitas que transmiten os textos publicitarios dos medios de comunicación (anuncios).	2º Trimestre. Unid. 8	60%		X	X	X		CCL CSC
			B2.6.2. Reflexiona e ten unha postura crítica ante as mensaxes persuasivas que proveñen dos medios de comunicación.	3º Trimestre. Unids. 11, 12	70%				X		X
c d h	B2.7	B2.7	B2.7.1. Reflexiona sobre os usos lingüísticos que levan implícitos prexuízos ou mensaxes discriminatorias.	2º Trimestre. Unid. 8	80%			X	X		CCL CSC
			B2.7.2. Detecta prexuízos e mensaxes discriminatorias implícitas nos textos de medios de comunicación con especial atención á publicidade.	2º Trimestre. Unid. 8 3º Trimestre. Unid. 10	70%			X	X	X	

b e f h	B2.8	B2.8	B2.8.1. Selecciona contidos, analiza información e extrae conclusións a partir da consulta de materiais en distintos soportes.	1º, 2º e 3º Trimestres	80%			X	X		CCL CD CSC	
			B2.8.2. Sérvese dos recursos que ofrecen as bibliotecas ou as TIC para integrar os coñecementos adquiridos nos seus escritos.	1º, 2º e 3º Trimestres	100%					X	CCL CD CAA CSC	
b f h	B2.9	B2.9	B2.9.1. Utiliza distintas técnicas de planificación para organizar o seu discurso (diferentes tipos de esquemas e mapas conceptuais).	1º, 2º e 3º Trimestres	80%					X	CCL CAA	
			B2.9.2. Utiliza o rexistro adecuado en función da tipoloxía textual e do acto comunicativo.	1º Trimestre. Unid. 3	60%				X	X	CCL	
			B2.9.3. Ordena as ideas e estrutura os contidos en unidades sintácticas consecutivas e encadeadas con conectores e outros elementos de cohesión.	2º Trimestre. Unid. 7, 8 3º Trimestre. Unid. 9, 10	40%		X	X			CCL	
			B2.9.4. Coñece as regras ortográficas e as normas morfosintácticas e sérvese das ferramentas lingüísticas ao seu alcance (correctores, dicionarios e gramáticas) para aplicarlas correctamente.	1º, 2º e 3º Trimestres	80%		X	X		X	CCL CD	
			B2.9.5. Revisa o texto para comprobar que a organización dos contidos do texto é correcta e que non se cometen erros ortográficos, gramaticais, de formato ou de presentación.	1º, 2º e 3º Trimestres	100%					X	CCL	
b e f h	B2.10	B2.10	B2.10.1. Usa as TIC para a corrección dos textos: corrector ortográfico do procesador de textos, dicionarios en liña e outras páxinas especializadas no estudo da lingua galega.	1º, 2º e 3º Trimestres	90%			X		X	CCL CD CAA	
			B2.10.2. Usa procesadores de textos para mellorar a presentación dos seus escritos, especialmente na presentación dos seus traballos educativos, atendendo a cada unha das funcionalidades de cada elemento: encabezamento e pé de páxina, numeración de páxinas, índice, esquemas etc.	1º, 2º e 3º Trimestres	90%			X			X	CCL CD
			B2.10.3. Usa as TIC como medio de divulgación de textos propios, de coñecemento doutros alleos e de intercambio de opinións.	1º, 2º e 3º Trimestres	20%					X	CCL CD CSC	
b e h	B2.11	B2.11	B2.11.1. Produce, respectando as súas características formais e de contido, e en soporte tanto impreso como dixital, textos propios da vida cotiá pertencentes a distintos ámbitos: laboral (currículo, carta de presentación, ficha de contratación en empresas e redes sociais de procura de emprego), administrativo (carta administrativa e solicitude ou instancia) e comercial (carta comercial, carta de reclamación e impreso administrativo de reclamación).	2º Trimestre Unid. 5, 7	40%	X	X				CCL CSC CD	

b e h	B2.12	B2.12	B2.12.1. Crea, en soporte impreso ou dixital, cartas á dirección e columnas de opinión.	2º Trimestre Unid. 6	40%	X	X				CCL CD CSC
b e h	B2.13	B2.13	B2.13.1. Elabora, en soporte impreso ou dixital, textos argumentativos, redactados a partir da información obtida de distintas fontes.	2º Trimestre Unid. 7	40%	X	X				CCL CSC CD
			B2.13.2. Crea, en soporte impreso ou dixital, un texto argumentativo propio a partir dun tema dado sen documentación previa.	2º Trimestre Unid. 7	40%	X	X				CCL CD
			B2.13.3. Sintetiza a información e resume textos argumentativos sen repetir nin parafrasear o texto de partida.	2º Trimestre Unid. 7	40%	X	X				CCL
d h	B2.14	B2.14	B2.14.1. Identifica e describe os valores da escritura non só como una ferramenta para organizar os pensamentos senón tamén como un instrumento para relacionarse cos demais e enriquecerse como persoa.	1º, 2º e 3º Trimestres	70%					X	CCL CSC CCEC
Bloque 3. Funcionamento da lingua.											
b e l	B3.1	B3.1	B3.1.1. Recoñece, explica e usa un léxico amplo e preciso de diferentes categorías gramaticais.	1º, 2º e 3º Trimestres	50%	X	X	X			CCL CAA
			B3.1.2. Recoñece, explica e usa fraseoloxía diversa da lingua galega nas súas producións orais e escritas.	1º, 2º e 3º Trimestres	40%	X	X	X			CCL CAA
b e l	B3.2	B3.2	B3.2.1. Recoñece e usa correctamente as formas verbais e as perífrases verbais da lingua galega e distingue os diversos tipos.	2º Trimestre Unid 7, 8 3º Trimestre Unid 9, 10	50%	X	X	X			CCL CAA
b e l	B3.3	B3.3	B3.3.1. Recoñece e explica os procedementos de creación de palabras.	1º Trimestre	50%		X	X	X		CCL CAA
			B3.3.2. Crea palabras novas utilizando os procedementos de creación léxica.	1º Trimestre	50%			X			CCL CAA
			B3.3.3. Recoñece os valores de prefixos e sufixos e as súas posibilidades combinatorias para crear novas palabras.	1º Trimestre	70%		X	X			CCL
			B3.3.4. Identifica a procedencia grega ou latina de prefixos e sufixos habituais no uso da lingua galega.	1º Trimestre	60%		X	X			CCL
a d e	B3.4	B3.4	B3.4.1. Recoñece e usa adecuadamente a fonética da lingua galega, con especial atención á entoación, ás vogais de grao medio e ao n velar.	1º Trimestre Unid. 1, 2	50%	X				X	CCL CAA
b e	B3.5	B3.5	B3.5.1. Usa eficazmente os dicionarios e outras fontes de consulta, tanto en papel como en soporte electrónico, especialmente sobre cuestións de uso	1º, 2º e 3º Trimestres	100%					X	CCL CD

n l			(semántico e sintáctico) e de normativa, para resolver dúbidas, e para progresar na aprendizaxe autónoma e para ampliar o seu vocabulario.								
b e	B3.6	B3.6	B3.6.1. Aplica correctamente as normas ortográficas e morfolóxicas da lingua galega nos discursos orais e escritos.	1º, 2º e 3º Trimestres	40%	X	X				CCL CAA
			B3.6.2. Recoñece o valor funcional e social das normas ortográficas e morfolóxicas da lingua galega.	1º, 2º e 3º Trimestres	60%				X	CCL	
e	B3.7	B3.7	B3.7.1. Analiza e usa correctamente a puntuación, de acordo coa cohesión sintáctica.	1º, 2º e 3º Trimestres	60%		X	X			CCL
b e	B3.8	B3.8	B3.8.1. Recoñece enunciados e identifica a palabra nuclear que o organiza sintáctica e semanticamente.	1º Trimestre Unids.3, 4	40%		X	X			CCL CAA
			B3.8.2. Recoñece a estrutura interna das oracións, identificando o verbo e os seus complementos.	1º Trimestre Unid 4 2º Trimestre Unids. 5, 6	60%		X	X			CCL
			B3.8.3. Respecta a orde correcta dos elementos da estrutura sintáctica galega.	1º Trimestre Unid 4 2º Trimestre 3º Trimestre Unid 9, 10	50%		X	X		X	CCL
			B3.8.4. Clasifica oracións segundo a natureza do predicado.	1º Trimestre Unid 4 2º Trimestre Unid 5, 6	60%		X	X			CCL
			B3.8.5. Usa a terminoloxía sintáctica correcta.	1º, 2º e 3º Trimestres	50%		X	X			CCL
e h	B3.9	B3.9	B3.9.1. Recoñece, explica e usa os nexos textuais de causa, consecuencia, condición, hipótese e os conclusivos, así como os mecanismos gramaticais e léxicos de cohesión interna.	2º Trimestre Unids. 7, 8 3º Trimestre Unids. 9, 10	40%		X	X		X	CCL CAA
e	B3.10	B3.10	B3.10.1. Identifica a estrutura do texto, en construcións propias e alleas.	1º, 2º e 3º Trimestres	40%		X	X			CCL
			B3.10.2. Xustifica argumentadamente a división en parágrafos de textos propios e alleos.	1º, 2º e 3º Trimestres	70%					X	CCL CAA
			B3.10.3. Identifica a progresión temática en textos propios e alleos.	1º, 2º e 3º Trimestres	40%			X	X		CCL
			B3.10.4. Elabora textos cunha estrutura apropiada, divididos en parágrafos e empregando os mecanismos de progresión temática.	1º, 2º e 3º Trimestres	40%		X	X			CCL

a b e	B3.11	B3.11	B3.11.1. Identifica e describe a estrutura e os trazos lingüísticos dos diferentes xéneros textuais, especialmente nos argumentativos, e aplícalos nas producións propias.	2º Trimestre Unid 7	40%		X	X	X		CCL
			B3.11.2. Recoñece nun texto, e emprega nas producións propias, os distintos procedementos lingüísticos para a expresión da subxectividade.	1º, 2º e 3º Trimestres	40%		X	X			CCL
b e	B3.12	B3.12	B3.12.1. Xustifica a adecuación das producións en función do contexto, do tema e do xénero textual.	1º Trimestre Unid. 3	50%		X			X	CCL CAA
			B3.12.2. Elabora producións lingüísticas cunha adecuación apropiada ao contexto, ao tema e ao xénero textual.	1º, 2º e 3º Trimestres	50%		X	X			CCL
b e h	B3.13	B3.13	B3.13.1. Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evita estereotipos lingüísticos ou culturais e valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe.	1º, 2º e 3º Trimestres	90%				X	X	CCL CAA
b e	B3.14	B3.14	B3.14.1. Utiliza os coñecementos lingüísticos de ámbito contextual, textual, oracional e da palabra, desenvolvidos no curso nunha das linguas, para mellorar a comprensión e produción dos textos traballados en calquera das outras.	1º, 2º e 3º Trimestres	50%					X	CCL CAA
Bloque 4. Lingua e sociedade											
ñ o	B4.1 B4.2 B4.3	B4.1	B4.1.1. Valora a lingua como medio de relación interpersonal e de sinal de identidade dun pobo e argumenta fundamentadamente e cun discurso propio a súa postura.	1º, 2º e 3º Trimestres	90%					X	CCL CCEC
			B4.1.2. Valora o plurilingüismo inclusivo, desde a lingua propia, como expresión da riqueza cultural da humanidade e argumenta cun discurso propio a súa postura.	1º, 2º e 3º Trimestres	70%				X	CCL	
			B4.1.3. Coñece os territorios que forman parte da comunidade lusófona e sabe describir a súa importancia dentro das linguas do mundo no século XI.	2º Trimestre Unid. 7	80%		X		X	CCL CSC	
			B4.1.4. Incorpora á súa práctica cotiá os principais recursos da rede en portugués (buscadores, enciclopedias e portais de noticias).	1º, 2º e 3º Trimestres	90%				X	CCL CSC CD	
ñ o	B4.4	B4.2	B4.2.1. Coñece e describe a lexislación estatal e autonómica básica en materia lingüística.	3º Trimestre Unid. 9	50%		X				CCL CSC
			B4.2.2. Describe acertadamente con criterios sociolingüísticos a situación galega actual.	3º Trimestre Unid. 9	60%		X	X	X		CCL CSC

			B4.2.3. Analiza gráficas de distribución de linguas tirando conclusións nas que incorpora os seus coñecementos sociolingüísticos.	1º, 2º e 3º Trimestres	40%					X	CCL CSC CD
			B4.2.4. Describe a situación sociolingüística de Galicia e emprega a terminoloxía apropiada.	2º Trimestre Unid. 8 3º Trimestre	50%	X	X	X			CCL CSC
			B4.2.5. Analiza as tendencias de evolución da lingua galega a partir da situación sociolingüística actual.	3º Trimestre	50%			X	X		CCL
ñ o	B4.5	B4.3	B4.3.1. Identifica os procedementos de normalización e argumenta axeitadamente a necesidade de continuar con este proceso na lingua galega.	3º Trimestre Unid. 9	70%		X		X		CCL CSC
			B4.3.2. Distingue normativización e normalización e explica axeitadamente cada fenómeno.	3º Trimestre Unid. 9	90%		X				CCL CSC
			B4.3.3. Analiza a súa propia práctica lingüística e valora a importancia de contribuír individual e socialmente á normalización da lingua galega.	1º, 2º e 3º Trimestres	100%	X		X			CCL CSC
			B4.3.4. Coñece os principais axentes normalizadores en Galicia e valora a súa importancia.	3º Trimestre Unid. 9	50%				X	X	CCL CSC
ñ o	B4.6	B4.4	B4.4.1. Recoñece os principais elementos da evolución da lingua galega desde 1916 ata a actualidade.	2º Trimestre Unids. 5, 6 3º Trimestre Unid. 9	50%		X		X		CCL
			B4.4.2. Recoñece os acontecementos relevantes da historia social da lingua galega desde 1916 e elabora textos expositivos sobre as diferentes etapas.	1º Trimestre Unid 1	50%		X		X		CCL CCEC
			B4.4.3. Identifica as causas dos feitos máis relevantes da historia social da lingua galega desde 1916.	2º Trimestre Unids. 5, 6	50%		X		X		CCL CCEC
			B4.4.4. Identifica as consecuencias dos feitos máis relevantes da historia social da lingua galega desde 1916.	2º Trimestre Unids. 5, 6	50%		X		X		CCL CCEC
			B4.4.5. Interpreta gráficos, táboas, textos e información dos medios e das TIC, relacionados coa historia social da lingua galega desde 1916.	2º Trimestre Unids. 5, 6	40%					X	CCL CCEC CD
ñ o	B4.7	B4.5	B4.5.1. Describe a situación sociolingüística e legal das linguas de España e analiza criticamente textos (literarios e xornalísticos), gráficos ou documentos audiovisuais que traten sobre a situación sociolingüística do Estado español.	3º Trimestre Unid. 9	50%	X	X		X		CCL CD
ñ o	B4.8	B4.6	B4.6.1. Sinala os prexuízos lingüísticos atribuíbles a calquera lingua e especialmente á galega e rebáteos cunha argumentación axeitada.	2º Trimestre Unid. 8	70%				X	X	CCL CSC

			B4.6.2. Analiza a opinión propia sobre as linguas, detecta os prexuízos, en caso de os ter, e rebáteos argumentadamente.	2º Trimestre Unid. 8	70%				X	X	CCL CSC
ñ o	B4.9	B4.7	B4.7.1. Recoñece os principais fenómenos que caracterizan as variedades xeográficas da lingua galega.	1º Trimestre Unid. 1	50%		X	X	X		CCL CSC
			B4.7.2. Recoñece os trazos da variedade estándar da lingua galega.	1º, 2º e 3º Trimestres	50%		X	X	X		CCL
			B4.7.3. Valora a lingua estándar como variedade unificadora.	1º, 2º e 3º Trimestres	40%					X	CCL
			B4.7.4. Valora as variedades xeográficas da lingua galega como símbolo de riqueza lingüística e cultural e rexeita fundamentadamente calquera prexuízo sobre a variación diatópica.	1º Trimestre Unid. 1	100%					X	CCL CSC
			B4.7.5. Recoñece as variedades diastráticas e diafásicas da lingua galega e describe o influxo da situación sociolingüística nelas.	1º Trimestre Unid. 3, 4	50%		X		X		CCL CSC
Bloque 5. Educación literaria.											
h l	B5.1	B5.1	B5.1.1. Identifica os distintos períodos e xeracións da literatura galega de 1916 ata a actualidade.	1º, 2º e 3º Trimestres	40%	X	X				CCL
			B5.1.2. Comprende e explica razoadamente os distintos períodos da literatura galega de 1916 ata a actualidade sinalando os seus principais trazos característicos.	1º, 2º e 3º Trimestres	40%	X	X				CCL
h l	B5.2	B5.2	B5.2.1. Selecciona, seguindo criterios razoados, obras representativas da literatura galega de 1916 ata a actualidade para a súa lectura.	1º, 2º e 3º Trimestres	100%			X			CCL CD
			B5.2.2. Le autonomamente obras ou textos representativas da literatura galega de 1916 ata a actualidade, resume o seu contido, sinala os seus trazos característicos definitorios e relaciónaos co contexto histórico, cultural e sociolingüístico do período da literatura galega correspondente.	1º, 2º e 3º Trimestres	50%			X			CCL
			B5.2.3. Comenta, de forma guiada ou libre, textos de obras da Literatura galega desde 1916 ata a actualidade, sinala os seus trazos característicos definitorios e relaciónaos co contexto histórico, cultural e sociolingüístico do período da literatura galega correspondente.	1º, 2º e 3º Trimestres	50%			X			CCL
			B5.2.4. Compara textos literarios dun mesmo período ou de diferentes períodos atendendo aos seus principais contidos, sinala os seus trazos característicos definitorios e pon todo en relación co contexto histórico, cultural e sociolingüístico do período ou períodos.	1º, 2º e 3º Trimestres	50%				X		CCL
h l	B5.3	B5.3	B5.3.1. Le expresiva, compresiva e/ou dramatizadamente textos narrativos, poéticos, teatrais e ensaísticos representativos da literatura galega de 1916 ata a actualidade.	1º, 2º e 3º Trimestres	80%			X			CCL

			B5.3.2. Participa con proveito de audicións de textos narrativos, poéticos, teatrais e ensaísticos representativos da literatura galega de 1916 ata a actualidade e escribe/debate, argumentadamente, sobre os seus valores literarios.	1º, 2º e 3º Trimestres	60%				X		CCL
b h l	B5.4	B5.4	B5.4.1. Elabora traballos individual e/ou colectivamente nos que se describen e analizan textos representativos da literatura galega de 1916 ata a actualidade.	1º, 2º e 3º Trimestres	60%			X	X		CCL
e h l	B5.5	B5.5	B5.5.1. Consulta fontes de información variadas para a realización de traballos e cita axeitada destas.	1º, 2º e 3º Trimestres	100%					X	CCL
			B5.5.2. Emprego de diferentes recursos das TIC para a realización de traballos e cita axeitada destes.	1º, 2º e 3º Trimestres	100%					X	CCL CD
h l n	B5.6	B5.6	B5.6.1. Crea ou recrea textos de intención literaria partindo das características dos traballados na aula.	1º, 2º e 3º Trimestres	40%			X			CCL CCEC
			B5.6.2. Desenvolve o gusto pola escrita como instrumento de comunicación capaz de analizar e regular os sentimentos e xuízos.	1º, 2º e 3º Trimestres	80%					X	CCL CCEC

6. CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS QUE REQUIRE A MATERIA.

Os alumnos e as alumnas posúen en todas as súas aprendizaxes unha serie de ideas previas. Na área de Lingua e Literatura o obxecto de estudo é a propia lingua. Isto fai que o alumnado parta, por un lado, dunha serie de coñecementos previos adquiridos a través da aprendizaxe e, por outro, dos que construíu como usuario.

A selección e organización dos contidos na etapa persegue que o alumnado prograse e se perfeccione de forma sistemática na súa competencia comunicativa e que, de forma simultánea, incrementa progresivamente os seus coñecementos acerca da lingua, os sistemas de comunicación verbal e non verbal e a literatura.

As diversas destrezas e a súa concreción na comprensión e produción de distintos tipos e subtipos de textos secuencianse para que accedan a diferentes niveis de complexidade atendendo á madurez do alumnado.

Tendo en conta estes aspectos, os principios metodolóxicos que fundamentan e animan o proceso de ensino-aprendizaxe na área de Lingua Galega e Literatura son os seguintes:

1. O ensino-aprendizaxe da lingua é comunicación. Se este principio é válido para a educación en xeral, moito máis o será nunha materia que ten como fin último o desenvolvemento da comprensión e a produción de textos.
2. O ensino da lingua implica a exercitación dos procesos cognitivos complexos: comprensión e produción. Ao ser inseparables estes procesos da comunicación oral e escrita, a metodoloxía para a materia propicia e necesita da realización de actividades moi vencelladas ao cognitivo: busca da idea central, xerarquización de ideas, organización lóxica do discurso, etc.
3. O ensino da lingua implica a extensión do concepto de competencia lingüística á pragmática. A materia debe proporcionar coñecementos sobre a propia lingua, pero tamén a capacidade para intervir no discurso e actuar con coñecemento das convencións pragmáticas.
4. O ensino da lingua debe fomentar a creatividade. Existe unha estreita relación entre o cultivo da imaxinación e a creatividade e a aprendizaxe da Lingua e a Literatura. A resolución dos problemas que presenta a comunicación esixe estratexias de creatividade. Por outro lado, a literatura como expresión artística é un exercicio permanente de creatividade e de comprensión dos seus mecanismos.

5. O ensino da lingua debe adecuarse ao suxeito da aprendizaxe. A metodoloxía debe axustarse ao desenvolvemento socio-afectivo, persoal e cognitivo do alumno. Así, hanse de ter en conta os coñecementos e as destrezas que é capaz de adquirir conforme á súa idade e á proximidade e interese dos contidos co que han de exercitar as destrezas comunicativas.

6. O ensino da lingua debe fomentar o hábito de ler e o pracer como individuo lector. O coñecemento, dominio e adquisición da lingua atopa na lectura un dos seus mellores instrumentos. Cómpre, pois, animar e predispoñer o alumnado cara á lectura.

7. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

No proxecto da etapa secundaria de Lingua Galega e Literatura utilizarase como material de apoio para 4º de ESO o seguinte manual:

M. BARROS, CRISTINA MONTES: Lingua Galega e Literatura 4. Editorial ANAYA. ISBN: 978-84-698-1251-8 (2019)

O departamento de LGL vemos o manual como un material de apoio máis, en ningún caso exclusivo para o desenvolvemento do noso labor docente; utilizaremos diversos recursos e estratexias didácticas, sempre que for tecnicamente posíbel, para facer fincapé naqueles aspectos que consideramos que non están suficientemente desenvolvidos nos manuais, ou simplemente por dispoñermos dun material máis atractivo e rendíbel.

Procurarase dinamizar o emprego da aula virtual, ben sexa a do centro ou outras que se poidan adaptar ao desenvolvemento académico, con eficiencia e seguridade para o alumnado.

Fomentarase a utilización dos recursos existentes na biblioteca, á que se procurará que o alumnado acuda frecuentemente co obxectivo de que se familiaricen con ese espazo e co manexo do material que hai depositado nela.

8. CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO.

A avaliación trimestral do alumnado realizarase tendo en conta os seguintes parámetros:

- a) Realizaranse dúas probas escritas por trimestre. Na súa cualificación terase en conta os contidos, a redacción e ortografía e a presentación. Calcularse a nota media entre as cualificacións destas probas e o resultado suporá un 70% da cualificación trimestral.

- b) Cada trimestre o alumnado deberá facer unha lectura dunha obra literaria proposta pola profesora, cuxa avaliación suporá un 10% da cualificación trimestral. Poderanse propor lecturas voluntarias, se a profesora o estimar conveniente, que serían valoradas cun máximo de 1 punto sobre a nota final do trimestre.
- c) A avaliación da expresión oral constituirá un 10% da cualificación do trimestre. Esta realizarase a través de exposicións orais planificadas, ademais da observación do emprego da lingua como vehículo de comunicación nas aulas.
- d) O 10% restante corresponderá á cualificación resultante da observación sistemática do traballo do alumnado, recollida a este efecto no caderno de notas e listas de rexistros da profesora.

Considerarase que un alumno ou alumna superou a materia nun trimestre cando a nota obtida, ponderada segundo os parámetros indicados, sexa igual ou superior a 5 puntos.

O alumnado que non supere a materia nun trimestre poderá realizar un exame de recuperación dos contidos do mesmo. Dito exame realizarase no comezo do seguinte trimestre, excepto no caso do terceiro trimestre.

A final de curso cabe a posibilidade de recuperar as avaliacións suspensas nun exame final de recuperación. Nesta proba final, que terá lugar no mes de xuño, o alumnado poderá aspirar a recuperar por segunda vez a primeira e segunda avaliación e, como primeira e única vez, recuperar a terceira avaliación.

O alumno ou alumna que non demostrase ter feito as lecturas obrigatorias en cada trimestre terá unha nova oportunidade de facelo no trimestre seguinte, excepto no caso da terceira avaliación, onde xa non será posible realizar ningunha recuperación da lectura.

A cualificación final de xuño será o resultado do rendemento xeral do alumnado durante o curso e obterase calculando a nota media entre as notas dos tres trimestres. Se a cualificación é positiva, o alumno ou alumna non deberá presentarse á convocatoria extraordinaria de setembro, independentemente de ter ou non algunha parte do curso suspensa. Do mesmo xeito, se a cualificación final de xuño é negativa, na convocatoria de setembro deberá realizarse unha proba sobre os contidos da totalidade do curso, independentemente de que algunha das partes fora superada durante os tres trimestres.

9. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSEÑANZA E DA PRÁCTICA DOCENTE.

Nas reunións de departamento, unha vez por trimestre, analizaranse o proceso de ensino e a práctica docente en base á seguinte escala:

Indicadores de logro	Escala			
Proceso de ensino:	1	2	3	4
1.- O nivel de dificultade foi adecuado as características do alumnado?				
2.- Conseguiuse crear un conflito cognitivo que favoreza a aprendizaxe?				
3.- Conseguiuse motivar para conseguir a súa actividade intelectual e física?				
4.- Conseguiuse a participación activa de todo o alumnado?				
7.- Tomouse algunha medida curricular para atender ao alumnado con NEAE?				
6.- Tomouse algunha medida organizativa para atender ao alumnado con NEAE?				
7.- Atendeuse adecuadamente a diversidade do alumnado?				
8.- Usáronse distintos instrumentos de avaliación?				
Práctica docente:	1	2	3	4
1.- Como norma xeral fanse explicacións xerais para todo o alumnado?				
2.- Ofréceselle a cada alumno/a as explicacións individualizadas que precisa?				
3.- Elabóranse actividades de distinta dificultade atendendo á diversidade?				
4.- Elabóranse probas de avaliación de distinta dificultade para os alumnos con NEAE?				
5.- Utilízanse distintas estratexias metodolóxicas en función dos temas a tratar?				
6.- Poténcianse estratexias de animación á lectura e de comprensión e expresión oral?				
7.- Incorporáanse as TIC aos procesos de ensino – aprendizaxe?				
8.- Préstase atención aos temas transversais vinculados a cada estándar?				
9.- Ofréceselle ao alumnado de forma inmediata os resultados das probas/exames,etc?				
10.- Coméntase co alumnado os fallos máis significativos das probas /exames, etc?				
11.- Dáselle ao alumnado a posibilidade de visualizar e comentar os seus fallos?				
12.- Cal e o grao de implicación nas funcións de titoría e orientación do profesorado?				
13.- As medidas de apoio, reforzo, etc. establécense vinculadas aos estándares?				

10. ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DE SEGUIMENTO, DE RECUPERACIÓN E DE AVALIACIÓN DA MATERIA PENDENTE.

No presente curso non hai ningunha alumna ou alumno que teña pendente do curso anterior a materia de Lingua Galega e Literatura.

11. DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS INDIVIDUAIS OU COLECTIVAS QUE SE POIDAN ADOPTAR COMO CONSECUENCIA DOS RESULTADOS.

Na avaliación inicial do alumnado debemos ter en conta toda a información de que dispoñemos de anos anteriores. No caso do CPI de Xanceda a case totalidade do alumnado de secundaria estaba xa escolarizado no centro na etapa primaria e incluso na infantil, por tanto, dispoñemos de información de primeira man, pois o profesorado das etapas anteriores comparte o centro connosco. O expediente académico e informes tamén poden axudar a obter o punto de partida do alumnado.

En calquera caso, a avaliación inicial deberá centrarse nos cinco bloques en que se estrutura a materia e que comprenden as destrezas lingüísticas básicas: escoitar, falar, ler e escribir, polo que as probas que se realicen a ese efecto constarán de actividades que permitan avaliar a competencia do alumnado nas catro destrezas.

Como consecuencia desta avaliación a profesora fará maior fincapé naqueles aspectos que precisen máis traballo, determinaranse necesidades individuais e proporase a atención educativa máis axeitada para cada caso. Servirá de punto de partida para as ensinanzas que se van impartir.

12. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.

A través da avaliación inicial determinarase cales son os alumnos ou alumnas que precisan de medidas de apoio. Ademais, solicitarase información do departamento de Orientación para coñecer as necesidades educativas do alumnado e as medidas de atención a diversidade que se levaron a cabo na etapa anterior. En función da información obtida, poñeranse en práctica as medidas de reforzo que se estimen convenientes para o alumnado con necesidades educativas de apoio educativo.

13. CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS QUE SE TRABALLARÁN NO CURSO QUE CORRESPONDA.

Cada un dos contidos transversais están relacionados cos estándares de aprendizaxe en cada unha das unidades.

Educación moral e cívica.

A tipoloxía textual, sobre todo a argumentación e a exposición propiciarán a receptividade, o interese e o respecto polas opinións alleas expresadas a través da lingua oral e escrita. Trátase de tomar conciencia da importancia da arte de convencer para facilitar a convivencia.

Lingua e sociedade: estes contidos axudarán a recoñecer a lingua galega como a propia de Galicia e valorar as linguas como produto das circunstancias históricas, políticas e culturais. Preténdese unha valoración xusta e equilibrada dos diversos pobos e culturas, evitando tópicos que atentan contra a dignidade humana. Mediante o respecto pola diversidade lingüística da Península acadaremos unha actitude de comprensión e tolerancia cara ás opcións lingüísticas non coincidentes coa propia.

Educación para a paz.

A comunicación humana: a importancia fundamental que ten nas nosas vidas poder comunicarnos cos demais e romper todo tipo de barreiras a través da lingua.

Educación para a igualdade entre os sexos.

A través dos textos, de diferente tipoloxía transmítense valores de igualdade e respecto pola diversidade. A poesía lírica expresa os sentimentos e emocións do poeta e ensínanos a valorar a dignidade persoal, a propia e a dos demais.

Educación ambiental.

A literatura paisaxística fainos amar e respectar a natureza como un dos bens máis prezados do ser humano e da nosa comunidade. Os textos xornalísticos contribuirán ao coñecemento das ameazas sobre o medio ambiente.

Educación sexual.

A través da poesía e a narrativa de temática amorosa.

Educación do consumidor.

O estudo dos medios de comunicación dá pé para espertar o espírito crítico ante as mensaxes que a publicidade emite.

Educación para o lecer.

O apartado dedicado á lectura, en concreto, e todos os temas de literatura, en xeral, propiciarán o hábito da lectura como fonte de pracer e como actividade gratificante e enriquecedora.

14. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.

O departamento de Lingua Galega e Literatura ten disposición para realizar actividades que complementen o desenvolvemento harmónico e a formación íntegra do alumnado nas súas dimensións humanas e de cohesión social dentro do grupo. Para iso estima a participación nas celebracións de integración que o Centro desenvolva ao longo do curso e tamén aquelas que espontaneamente xurdan para beneficio dos alumnos e as alumnas no exterior do Centro. Esas actividades son aquelas de coñecemento e reflexión sobre as realidades culturais propias e do entorno –recollas de Cultura Tradicional, costumes, observacións, realización de traballos sobre a memoria histórica, etc- e coñecemento doutras realidades que non sexan da contorna –museos, visitas guiadas, exposicións, obras de teatro, cursos de animación á lectura, á sensibilidade artística – musical, plástica, de expresión física, de defensa da Natureza e Medio Ambiente, de respecto á integración, etc. sempre e cando acaden a autorización pertinente para a súa realización e os medios humanos e materiais o permitan.

Algunhas das actividades extraescolares que se veñen realizando nos últimos cursos e que o departamento ten vontade de repetir neste, sempre que sexa posible, son:

- Asistir a representacións teatrais. As datas de realización destas saídas estarán determinadas pola programación ofertada polos organizadores. A asistencia ás representacións e a selección dos grupos de alumnos asistentes terá en conta as características da obra representada, as idades para as que estea proposta e a relación co currículo da materia de cada curso.
- Participar nas actividades propostas polo “Correlingua”, sexan realización de traballos na aula, participación en concursos ou participación en saídas propostas pola organización do certame. A localización temporal das saídas dependerá das propostas dos organizadores da carreira.
- Participar nas actividades propostas polo EDNL e a biblioteca do centro.
- Participar en certames literarios convocados por diferentes entidades.
-

15. CONTRIBUCIÓN DA MATERIA AO PLAN LECTOR.

O alumnado deberá realizar a lectura dun libro por trimestre, determinados polo departamento. Neste curso propóñense obras de literatura xuvenil actual con temáticas variadas que teñen en conta os intereses do alumnado e/ou que presentan algún valor educativo (educación en valores: tolerancia, non discriminación, igualdade entre homes e mulleres, multiculturalidade...) que serven para traballar contidos transversais. Tamén se incluírá algunha obra correspondente aos períodos literarios que forman parte do currículo, concretamente ao Rexurdimento. Ademais, proporanse outras lecturas para faceren voluntariamente.

Enviaráselles ás familias, a través do alumnado unha relación de obras de diferentes xéneros, co obxectivo de que desde os propios fogares se fomente a lectura escollendo, por exemplo, algún deses libros como agasallo para os rapaces e rapazas.

Tentaremos achegar o alumnado ao autor homenaxeado no Día das Letras Galegas, tanto dentro da aula como noutras actividades complementarias, para que coñezan e valoren a personaxe e a súa obra.

16. CONTRIBUCIÓN DA MATERIA AO PLAN TIC.

Levaremos a cabo actividades de busca de información, de traballos en grupo, de elaboración de textos e deformación de textos dados, de interpretación segundo diversos códigos expresivos e non só orais ou escritos, teatro lido, interpretado, ...

Todas as unidades didácticas propoñen actividades relacionadas coas TIC.

Na aula dispoñemos de computador e proxector. Cando for preciso que toda a clase utilice computadores usarase a aula de informática ou audiovisuais, segundo a dispoñibilidade da mesma.

17. MECANISMOS DE REVISIÓN, DE AVALIACIÓN E DE MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA EN RELACIÓN COS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA.

A comprobación da efectividade e adecuación da programación didáctica realizarase ao finalizar cada un dos trimestres, ou ben no momento no que se detecte calquera fallo ou posibilidade de mellora ao respecto durante o desenvolvemento da mesma.

A revisión e as modificacións pertinentes poñeranse na práctica o antes posible, é dicir, inmediatamente despois da detección dos fallos ou dificultades, se é posible, sempre que se trate de aspectos que sigan sendo pertinentes no resto do desenvolvemento da

programación. No caso de que os fallos atinxan a aspectos que, dada a súa natureza, non poidan ser revisados ao longo do presente curso, faranse as modificacións convenientes de cara a vindeiros cursos.

En calquera caso, as modificacións máis ou menos significativas que se fagan á programación constarán no libro de actas do Departamento, así como na memoria final do Departamento de Lingua Galega e Literatura.

Mecanismo de revisión e modificación da programación didáctica	Escala			
Indicadores de logro	1	2	3	4
1.- Diseñáronse unidades didácticas ou temas a partir dos elementos do currículo?				
2.- Secuenciáronse e temporalizáronse as unidades didácticas/temas/proxectos?				
3.- O desenvolvemento da programación respondeu á secuenciación e temporalización?				
4.- Engadiuse algún contido non previsto á programación?				
5.- Foi necesario eliminar algún aspecto da programación prevista?				
6.- Secuenciáronse os estándares para cada unha das unidades/temas?				
7.- Fixouse un grao mínimo de consecución de cada estándar para superar a materia?				
8- Asignóuselle a cada estándar o peso correspondente na cualificación ?				
9.- Vinculouse cada estándar a un/varios instrumentos para a súa avaliación?				
10.- Asociáronse con cada estándar os temas transversais a desenvolver?				
11.- Fixouse a estratexia metodolóxica común para todo o departamento?				
12.- Estableceuse a secuencia habitual de traballo na aula?				
13.- Son adecuados os materiais didácticos utilizados?				
14.- As guías didácticas son adecuadas, atractivas e de fácil manipulación para o alumnado?				
15.- Diseñouse un plan de avaliación inicial fixando as consecuencias da mesma?				
16.- Elaborouse unha proba de avaliación inicial a partir dos estándares?				
17.- Fixouse para o bacharelato un procedementos de acreditación de coñecementos previos?				
18.- Establecéronse pautas xerais para a avaliación continua: probas, exames, etc.?				
19.- Establecéronse criterios para a recuperación dun exame e dunha avaliación?				
20.- Fixáronse criterios para a avaliación final?				
21.- Establecéronse criterios para a avaliación extraordinaria?				
22.- Elaboráronse os exames tendo en conta o valor de cada estándar?				

23.- Definíronse programas de apoio, recuperación, etc. vinculados aos estándares?				
24.- Leváronse a cabo as medidas específicas de atención ao alumnado con NEE?				
25.- Leváronse a cabo as actividades complementarias e extraescolares previstas?				
26.- Informouse ao alumnado sobre criterios de avaliación, estándares e instrumentos?				
27.- Informouse ao alumnado sobre os criterios de promoción?				
28.- Seguíuse e revisouse a programación ao longo do curso?				
29.- Contribuíuse desde a materia ao plan de lectura do centro?				
30.- Usáronse as TIC no desenvolvemento da materia?				

18. DATOS DO DEPARTAMENTO

Profesorado e distribución da docencia:

Profesora	Materias que imparte
Susana Silva Martínez	Lingua Galega e Literatura 1º ESO Ámbito Lingüístico e Social 3º ESO- PMAR
Mª Dolores Díaz Rifón (Xefa do departamento)	Lingua Galega e Literatura 2º ESO Lingua Galega e Literatura 3º ESO Lingua Galega e Literatura 4º ESO Segunda Lingua Estranxeira Portugués 3º de ESO. Segunda Lingua Estranxeira Portugués 4º de ESO.